

UGT SOLICITA Á REVISIÓN DAS BAREMACIÓNS DO CATÁLOGO DE SERVIZOS SOCIAIS DA OPE SOCIAL

Santiago de Compostela 19/09/2022

UGT ven de dirixir escrito á Dirección Xeral da Función Pública para facer chegar a quen corresponde que tras a publicación de distintas **fases de concurso** da denominada **OPE Social**, queremos deixar constancia das seguintes **consideracións**:

De conformidade coas informacións achegadas por persoas interesadas no procedemento selectivo, temos **constancia de erros importantes na valoración de méritos** sobre todo no apartado da **experiencia profesional**.

Consonte ás convocatorias debería ser valorada a prestación dos servizos prestados nalgunha das actividades descritas en el catálogo de servizos sociais, aos que fai referencia o artigo 18 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en calquera Administración pública.

UGT ten constancia que os **certificados realizados** por parte de algún organismo, tal é o **SERGAS**, **non incluído no catálogo de servizos sociais**, nalgunha das súas **Xefaturas Territoriais emitiron certificados que reflicten a súa pertenza ao citado catálogo**, sendo esta circunstancia un claro erro que implica seguras baremacións que, presuntamente, **mudarán a realidade do baremo final**.

Para **UGT non é comprensible que tras máis dun ano de espera** para a publicación da baremación da fase de concurso, as persoas aspirantes **se encontren con erros** onde persoal que traballou unicamente no SERGAS se lle puntúa como tempo traballado en organismos pertencentes o catálogo de servizos sociais.

Todo isto crea unha **situación de desigualdade e impotencia**, onde as persoas opositoras ven como unha **incorrecta interpretación das bases do baremo**, por parte de quen corresponde a vixilancia da aplicación da orde de convocatoria, levará consigo que outra persoa compañeira, sen corresponderlle por aplicación estrita da norma, pode facer que a súa opción de coller praza se perda ou a súa posición na toma de destino mude substancialmente.

Por todo o anterior **UGT solicitou que se proceda á revisión** por parte de quen corresponda, sexa o tribunal ou a mesma Dirección Xeral da Función Pública, dos **certificados de experiencia profesional**, aportados polas persoas aspirantes, **anulando todo certificado de organismos que non pertencendo ao catálogo de servizos sociais** este marcado como tal ou a súa valoración no apartado correspondente. Evitando a xudicialización e eternización duns procesos tan confusos como estamos a vivir.